


Cómic



Batman año uno

Batman Año Uno recrea o mito de Batman. O cómic, con guión do gran debuxante Frank Miller, narra dúas historias simultáneas: por un lado, un xoven Bruce Wayne que adopta a personalidade de Batman e dá os seus primeiros pasos como home morcego, e por outro a chegada do tenente James Gordon á corrupta policía de Gotham City. O relato móstranos como Batman inicia a súa misión e comete os primeiros erros e aprende deles, e como Gordon intenta manterse íntegro, enfrontado ao crime que infesta a cidade...

Los Simpson (Mat Groening)

Unha forma estupenda de seguir as aventuras de Bart e a súa familia. Na biblioteca dispós de varios números da serie, coas aventuras gamberro-humorísticas desta extravagante familia.



Corto Maltés: La balada del mar salado (Hugo Pratt)

Primeira historia do personaxe creado por un dos máis grandes do cómic de todos os tempos, Hugo Pratt. Atopamos a Corto flotando abandonado nunha balsa e rescatado polo seu 'amigo' o pirata Rasputín. Secuestros, fugas, batallas, amor, a illa escondida, o mítico pirata 'el monje'... Todo isto no medio da I Guerra Mundial. A personalidade de Corto e a súa forma de ver as cousas atraénos desde un principio e xa non nos deixa, nin nesta nin nas súas seguintes aventuras.

Lucky Luke (Morris-Gosciny)

Coñecido por ser "máis rápido que a súa propia sombra", enfróntase ao crime e aos irmáns Dalton, acompañado por Jolly Jumper, "o cabalo máis listo do mundo", que sempre acode na súa axuda cando é secuestrado ou encarcerado polos seus inimigos.




Thom (Andrés Meixide)

Thom é un granxeiro do medio Oeste americano emigrado a Galicia, que sofre os mesmos problemas que os granxeiros galegos, comparte aventuras cos animais da granxa e suspira polos rañaceos de Nova York. Sempre andan todos metidos en líos, nos que abundan as situacións humorísticas sacadas da realidade máis actual.

Biblioteca

IES Pedra da Aguiña

Guía de Lectura



Un verán de Libro

"O autor só escribe a metade do libro.

Da outra metade debe ocuparse o lector"

Joseph Conrad

O único que queda é o amor

(Agustín Fernández Paz)

Diana, Sara, Pablo, Laura, Adrián... todos se namoran e descubren que o amor é un sentimento poderosísimo, capaz de transformalos por enteiro e facerlles a vida doutro xeito. Mais tamén experimentan a amargura do desamor, ou da ausencia, ou dos amores rotos. O amor en todas as súas variantes: desde o primeiro amor adolescente ata o que se mantén máis alá da morte. E sempre, os libros como compañeiros da aventura do amar. Un libro memorable.





Las Crónicas de la Torre

(Laura Gallego)


Crónicas de la Torre é unha triloxía de fantasía composta por **El Valle de los Lobos**, **La maldición del Maestro** e **La llamada de los muertos**. Agora tedes na biblioteca unha edición especial, que inclúe tamén **Fenris el elfo**, unha novela

ambientada neste mesmo mundo, cun dos seus personaxes máis emblemáticos como protagonista. Laura Gallego é a autora das **Memorias de Idhún** que algúns xa coñecedes ben.

El señor de los ladrones

(Cornelia Funke)

Á morte dos seus pais, Próspero e Bo, chegan a Venecia fuxindo da súa tía, que intenta separalos. Non teñen que comer nin onde vivir. Atopan a un grupo de nenos que baixo o liderado do Señor dos ladróns (un mozo que oculta a súa identidade baixo unha máscara) gañan a vida con pequenos roubos. Un detective gordinflón, contratado pola súa tía, búscalles por toda a cidade... Este libro é, ademais, unha forma fabulosa de visitar Venecia.



O señor Ibrahim e as flores do Corán

(Emmanuel Schmitt)

Este libro mergúllanos nunha engaiolante historia que non podemos deixar de ler ata rematar as escasas 60 follas do libro.

Moisés (Momo) é un neno xudeu do París dos anos 60 abandonado pola nai e esquecido do amor paternal. Momo é un neno solitario que coñece ao señor Ibrahim, un tendeiro musulmán que rexenta unha tenda de comestibles onde Momo adoita ir roubar para financiar as súas necesidades.

A diferenza de relixións fai desconfiar, ao principio, a Momo dese home que lle deixa roubar, sempre e cando non robe noutras tendas, pero pouco a pouco crecerá unha grande amizade entre ámbolos dous.



A casa da luz


Alicia é unha rapaza moi traste, de moi bo corazón, que quere descubrir as cousas por si mesma. Cos seus catro amigos (Álvaro, Aida, Anxo e Alba) anda a construír unha cabana de xestas e paus. Aparece Pumariño, un home duns setenta anos que fala con

debuxos no chan e sinais, que lles ofrece a súa axuda. Un día lévaos a unha misteriosa casa. Na sala, hai numerosos cadros que teñen a particularidade de que se pode entrar neles...

A aurora boreal (Phillip Pullman)

Estrañas desaparicións. Unha nena moi especial. Un segredo desvelado. Unha arriscada misión de rescate. Marabillosos enxeños. Mundos paralelos. Aliados e inimigos...

Son algúns dos ingredientes desta novela fantástica, galardoada coa



prestixiosa Medalla Carnegie, coa que se premian as mellores obras dirixidas a lectores xuvenís. **A Materia Oscura** relata as primeiras aventuras desta apaiñoante saga, convertida nunha obra de referencia en todo o mundo grazas á mestría e poderosa imaxinación do seu autor.



Información

La enciclopedia de los Juegos Olímpicos

(Clive Gifford)

A guía máis completa para disfrutar e comprender o maior acontecemento deportivo do mundo. Rigorosa e sinxela. De fácil consulta e agradable lectura. Con magníficas ilustracións a toda cor. A mellor forma de disfrutar das Olimpíadas deste verán.

Por que non me entenden meus pais?

As dificultades de entendemento entre adolescentes e pais obedecen a numerosas razóns, algunhas moi sinxelas e outras moi complicadas de explicar.

Neste libro presentan unha serie de datos e argumentos para facilitar che que poidas atopar as túas propias respostas a esta pregunta.



Mamíferos Prehistóricos (Después de los dinosaurios)



Esta obra permítenos viaxar a un pasado remoto para descubrir como foron os mamíferos prehistóricos que precederon ás especies actuais e saber como era o clima no que vivían, cal era a súa alimentación ou como era o seu comportamento.

Volcanes

Un libro que nos axuda a entender mellor como funciona un dos elementos máis poderosos do planeta terra. As imaxes, moi claras, permiten ver a súa estrutura e coñecer os diferentes tipos que existen.

